

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE.- 3394/2021**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DNA. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 23 de xuño de 2021, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2021, con número de expediente: 3394/2021.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 21/06/2021 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego do 02 de xullo de 2021 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8, que sinala "(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 1 mes. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."*

Tendo en conta a Resolución de data 02 de xullo de 2021, pola que se establece un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de socorrista, dende o 05 de xullo de 2021 ata o 06 de xullo de 2021 (ámbolos días incluídos).

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego do 02 de xullo de 2021 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

### RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	CORA LÓPEZ ANTONIO	EXENTO

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. María Loureiro García

Asdo. María Luz Balsa Rábade

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***

